



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE OS INDICADORES DE ACTIVIDADE E DE VEB DO SECTOR SERVIZOS

Marzo 2020

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2020

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Indicador de actividade e de VEB do sector servizos. Base 2015. Marzo 2020


- O indicador de actividade no sector servizos rexista no mes de marzo en Galicia unha caída do 16,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa 20,6 puntos inferior á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 18,7%, taxa 22,1 puntos menor que a do mes anterior.
- No Comercio diminúe a facturación o 18,2% e nos Outros servizos o 12,2%.
- En todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios no mes de marzo.
- O persoal ocupado no sector servizos rexista un descenso do 2,3% en Galicia e do 1,6% en España respecto do mesmo mes do ano anterior.
- En todas as comunidades autónomas diminúe o persoal ocupado no mes de marzo.



1. Cifra de negocios

1.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O indicador de actividade no sector servizos rexistra no mes de marzo en Galicia un descenso do 16,8% respecto ao mesmo mes do ano anterior, taxa inferior en 20,6 puntos á do mes de febreiro. A nivel nacional, a cifra de negocios no sector servizos diminúe o 18,7%, rexistro 22,1 puntos inferior ao do mes anterior.



O *Comercio*, cun descenso do 18,2%, resta 14,0 puntos á taxa de variación do índice xeral; os *Outros servizos* reducen a súa facturación o 12,2% e restan 2,8 puntos á taxa de variación do índice xeral.

En España a facturación no *Comercio* diminúe o 17,6% e nos *Outros servizos* o 20,8%.

Nas actividades comerciais, o *Comercio por xunto* diminúe o 19,5%, co que resta 10,9 puntos; o *Comercio ao retalho* cae un 10,0% e resta 1,7 puntos. O maior descenso rexístrase na *Venta e reparación de vehículos de motor*, -35,5%.

A nivel nacional, o *Comercio por xunto* diminúe o 13,3%, o *Comercio ao retalho* o 15,4% e a *Venta e reparación de vehículos de motor* o 47,3%.

Os *Outros servizos* reducen a cifra de negocios en Galicia o 12,2%. A *Hostalería* rexistra a maior caída, -60,9%, co que resta 2,4 puntos a taxa de variación do índice xeral, seguido das *Actividades administrativas e servizos auxiliares*, -24,7%. En senso contrario, *Transporte e Información e comunicación* rexistran taxas positivas, 6,4% e 6,3% respectivamente.

En España, os *Outros servizos* diminúen o 20,8%. Todos os sectores rexistran taxas negativas. Os maiores descensos rexístranse na *Hostalería* (-57,7%), *Actividades administrativas e servizos auxiliares* (-22,9%) e *Transporte* (-16,3%) .

No primeiro trimestre do ano, o índice xeral diminúe un 5,3% en Galicia e un 4,8% no conxunto do Estado. O *Comercio* diminúe un 8,1% en Galicia e un 4,4% en España. Nos *Outros servizos* se incrementa a facturación en Galicia un 4,2% mentres que en España se reduce un 5,7%.

1.2 Índice de cifra de negocios ponderando por VEB

Utilizando como ponderación o VEB en lugar da cifra de negocios, o índice diminúe o 22,1% no mes de marzo.


Os sectores que máis contribúen a este descenso son a *Hostalería* que, cunha taxa do -60,9%, resta 12,7 puntos e o *Comercio*, que resta 8,0 puntos cunha taxa do -18,5%.

1.3 Datos corrixidos de calendario

O efecto calendario determina as diferenzas que se producen nunha variable pola diferente estrutura que teñen os meses (tanto en número de días como na composición de días laborables e festivos).

Se se elimina este efecto, o índice ponderado por cifra de negocios diminúe o 18,1% respecto ao mesmo mes do ano anterior e o índice ponderado por VEB o 23,0%.

O seguinte gráfico amosa a evolución do indicador de actividade do sector servizos corrixido de calendario segundo o método de ponderación.




1.4. Indicadores por comunidades autónomas

No mes de marzo en todas as comunidades autónomas diminúe a cifra de negocios respecto ao mesmo mes do ano anterior. Os maiores descenso danse en Illes Balears (-30,3%) e Canarias (-29,4%).

No primeiro trimestre do ano, soamente dos comunidades autónomas rexistran taxas positivas: Murcia (1,1%) e Extremadura (1,0%). As maiores caídas prodúcense en Illes Balears (-10,2%) e Canarias (-9,5%).

Índices de cifra de negocios. Marzo 2020

Taxa de variación en %



2. Persoal ocupado


2.1 Índice xeral e por sectores de actividade

O persoal ocupado¹ diminúe en Galicia un 2,3% respecto ao mes de marzo de 2019, sete décimas máis que en España (-1,6%).

¹ As persoas acollidas a un Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE) seguen formando parte do persoal da empresa.

O persoal ocupado aumenta un 0,1% no *Comercio* mentres que diminúe nos *Outros servizos* (-4,0%). En España a ocupación diminúe tanto no *Comercio* (-0,2%) como nos *Outros servizos* (-2,5%).

A maior caída rexístrase na *Hostalería*, con taxas de -10,5% en Galicia e -7,0% en España. Pola contra, dous sectores incrementan o persoal ocupado: *Información e comunicación*, con taxas do 1,2% en Galicia e 1,0% en España, e *Comercio por xunto*, que aumenta o persoal ocupado un 0,8% en Galicia e un 0,4% en España.



No que vai de ano, o persoal ocupado redúcese un 0,4% en Galicia e aumenta un 0,1% no conxunto do Estado.


2.2. Indicadores de ocupación por comunidades autónomas

En todas as comunidades autónomas diminúe o emprego no sector servizos no mes de marzo con respecto ao mesmo mes do ano 2019. Os maiores descensos danse en Illes Balears (-4,8%) e Canarias (-2,8%).

No que vai de ano, en oito comunidades autónomas aumenta o persoal ocupado. Castilla - La Mancha (1,2%), Murcia (1,1%) e Comunitat Valenciana (1,0%) rexistran os maiores incrementos. Os maiores descensos danse en Canarias (-0,9%) e Illes Balears (-0,5%).

Índices de persoal ocupado. Marzo 2020

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

Cifra de negocios: comprende os importes facturados pola empresa pola prestación de servizos e venda de bens que son obxecto do tráfico da empresa, incluídos os realizados por subcontratación. Contabilízanse incluíndo os impostos que gravan os bens e servizos coa excepción do IVE repercutido ao cliente.

Persoal ocupado: É o número total de persoas que traballan na empresa; inclúe o persoal remunerado, persoal que non percibe unha remuneración fixa ou salario (propietarios que traballan na empresa e axudas familiares), persoal facilitado polas empresas de traballo temporal e traballadores autónomos dependentes con contrato non laboral.

Valor engadido bruto: Para cada unidade dedicada a unha actividade produtiva, é a diferenza entre a produción e os consumos intermedios. Valórase a prezos básicos, que son os prezos que os produtores reciben dos compradores restando calquera imposto que se pague e sumando calquera subvención que se reciba.

Os indicadores constrúense a partir dos microdatos dos Indicadores de actividade do sector servizos subministrados polo INE.

Os índices son provisionais polo que poden modificarse nos meses seguintes.

Anexo cadros

Cadro 1. Índices de cifra de negocios. Marzo 2020

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	103,2	-16,8	-5,3
Comercio	104,2	-18,2	-8,1
Venta e reparación de vehículos de motor	63,4	-35,5	-14,6
Comercio por xunto	113,7	-19,5	-9,7
Comercio ao retalho	91,3	-10,0	-1,7
Outros servizos	99,9	-12,2	4,2
Transporte	123,6	6,4	16,6
Hostalería	41,7	-60,9	-19,3
Información e comunicacións	111,5	6,3	7,1
Actividades profesionais, científicas e técnicas	98,3	-13,7	-1,5
Actividades administrativas e servizos auxiliares	95,1	-24,7	-3,4
España			
Xeral	98,6	-18,7	-4,8
Comercio	100,6	-17,6	-4,4
Venta e reparación de vehículos de motor	71,7	-47,3	-16,8
Comercio por xunto	111,5	-13,3	-2,9
Comercio ao retalho	88,7	-15,4	-2,9
Outros servizos	94,9	-20,8	-5,7
Transporte	100,5	-16,3	-3,4
Hostalería	45,5	-57,7	-18,2
Información e comunicacións	105,6	-9,9	-3,0
Actividades profesionais, científicas e técnicas	121,9	-10,4	-3,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	89,0	-22,9	-4,6

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

Cadro 2.- Índices de cifra de negocios ponderada por VEB. Marzo 2020

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	92,0	-22,1	7,4
Comercio	97,4	-18,5	-7,6
Transporte	136,9	3,0	13,4
Hostalería	42,5	-60,9	-19,3
Información e comunicacións	113,1	7,0	7,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	97,2	-17,9	-0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	114,6	-10,3	1,4

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos suministrados polo INE

**Cadro 3. Índices de cifra de negocios por comunidades autónomas.
Marzo 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE AÑO
ESPAÑA	98,6	-18,7	-4,8
Andalucía	103,0	-14,3	-3,1
Aragón	97,0	-17,9	-5,7
Asturias	92,2	-18,9	-5,2
Balears, Illes	69,8	-30,3	-10,2
Canarias	84,2	-29,4	-9,5
Cantabria	97,7	-21,7	-5,9
Castilla y León	91,3	-15,9	-2,4
Castilla-La Mancha	96,7	-21,6	-6,3
Cataluña	94,5	-18,7	-5,4
Comunitat Valenciana	102,1	-14,2	-2,3
Extremadura	101,9	-8,8	1,0
GALICIA	103,2	-16,8	-5,3
Madrid	102,4	-21,6	-5,6
Murcia	111,6	-7,7	1,1
Navarra	101,9	-17,1	-4,6
País Vasco	100,9	-16,4	-5,1
Rioja, La	103,3	-18,0	-4,9

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de persoal ocupado. Marzo 2020

	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia			
Xeral	104,8	-2,3	-0,4
Comercio	107,3	0,1	0,7
Venta e reparación de vehículos de motor	98,7	-1,9	-0,9
Comercio por xunto	120,0	0,8	1,2
Comercio ao retalho	101,8	-0,1	0,6
Outros servizos	102,9	-4,0	-1,2
Transporte	102,2	-3,2	-1,4
Hostalería	94,4	-10,5	-4,5
Información e comunicacións	107,3	1,2	2,4
Actividades profesionais, científicas e técnicas	106,7	-0,7	1,2
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,9	-0,9	0,0
España			
Xeral	105,4	-1,6	0,1
Comercio	105,6	-0,2	0,6
Venta e reparación de vehículos de motor	105,9	-1,3	0,0
Comercio por xunto	110,0	0,4	1,2
Comercio ao retalho	102,7	-0,4	0,4
Outros servizos	105,3	-2,5	-0,3
Transporte	107,8	-0,6	0,2
Hostalería	96,9	-7,0	-2,1
Información e comunicacións	110,6	1,0	1,8
Actividades profesionais, científicas e técnicas	107,0	-0,6	0,6
Actividades administrativas e servizos auxiliares	109,5	-2,0	-0,1

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

**Cadro 5. Índices de persoal ocupado por comunidades autónomas.
Marzo 2020**

	ÍNDICE	VARIACIONES (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
ESPAÑA	105,4	-1,6	0,1
Andalucía	103,9	-1,7	0,1
Aragón	106,6	-1,7	0,1
Asturias	102,1	-1,7	-0,3
Balears, Illes	95,6	-4,8	-0,5
Canarias	106,0	-2,8	-0,9
Cantabria	104,8	-2,4	-0,4
Castilla y León	102,0	-2,0	-0,4
Castilla-La Mancha	104,5	-0,6	1,2
Cataluña	106,5	-1,6	-0,1
Comunitat Valenciana	107,3	-0,6	1,0
Extremadura	102,0	-2,2	-0,2
GALICIA	104,8	-2,3	-0,4
Madrid	106,7	-1,2	0,3
Murcia	110,7	-0,7	1,1
Navarra	106,2	-1,9	0,5
País Vasco	103,9	-1,6	-0,3
Rioja, La	105,6	-1,6	0,1

Fonte: INE